



## SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

### IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

#### Anuncio da exposición pública da matrícula do IAE - Exercicio 2022

A Axencia Estatal de Administración Tributaria puxo ao dispor da Deputación Provincial da Coruña a matrícula do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2022.

Esta matrícula está constituída polos censos comprensivos dos suxeitos pasivos non exentos do imposto e que exercen as súas actividades económicas nos seguintes concellos: Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, A Capela, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmador, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

Estes concellos son os que delegaron na Deputación Provincial da Coruña as facultades que a lei lles atribúe en materia de xestión tributaria e recadatoria relativas ao dito imposto, de conformidade co disposto no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A matrícula inclúe, se é o caso, as cotas nacionais cando o domicilio fiscal do suxeito pasivo corresponda a algún dos concellos antes indicados.

En cumprimento do sinalado no artigo 90 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 e no artigo 3 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do devandito imposto, a matrícula do imposto ponse a disposición do público nos devanditos concellos dende o **día 15 ao 30 de xuño de 2022**.

As consultas da matrícula na Deputación realizaranse por medio de correo electrónico dirixido a [iae@dacoruna.gal](mailto:iae@dacoruna.gal) ou chamando ao teléfono 981 080 049.

A inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou a alteración de calquera dos datos aos que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo dun mes que se conta desde o día inmediato seguinte ao da finalización do período de exposición pública da matrícula, o recurso potestativo de reposición ante o órgano competente da Administración tributaria do Estado ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que se poidan interpoñer simultaneamente ambos recursos (artigo 91 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e artigo 4 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

A Coruña, (asinado dixitalmente)

O presidente / PDFR 29/07/2019/ O deputado

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria xeral

Amparo Taboada Gil